

## AS MULLERES NA FILOSOFÍA

1.- Cantas filósofas tes opción de estudar neste curso de historia da filosofía? Por que cres que é así?

2.- Trata de identificar entre as seguintes mulleres que destacaron nalgún ámbito as que foron filósofas. Sabes en que disciplinas despuntaron as outras?

Mary Wollstonecraft

Hannah Arendt

Frida Kahlo

Ana M<sup>a</sup> Matute

Simone de Beauvoir

María Zambrano

Marie Curie

Rigoberta Menchú

Carmen Sarmiento

Marlene Dietrich

3.- Tenta adiviñar o significado das seguintes expresións: “teito de cristal”, “empoderamento”, “dobre xornada laboral”, “xénero” e “síndrome do niño baleiro”.

4.- O que opinaron algúns deles...

“O escravo non ten en absoluto a facultade deliberativa; a femia tena, pero ineficaz, e o neno tena, pero imperfecta. De aquí que quen manda deba posuír en grao de perfección a virtude intelectual (...) Así mesmo, entre os sexos o macho é por natureza superior e a femia inferior; o primeiro debe por natureza mandar e a segunda obedecer (...) É absurdo argumentar a partir dunha analoxía cos animais salvaxes e dicir que homes e mulleres deben dedicarse ás mesmas ocupacións, pois os animais non realizan tarefas domésticas”

Aristóteles, *Política*

“A suxeición e a limitación foron o resultado do pecado, pois, tras ter pecado, Deus díxolle á muller que estaría sometida ao dominio do home (*Xénese*, 3, 16). Pero, como di Agostiño, a muller é por natureza menos forte e digna que o home, porque o axente é sempre máis honorable que o paciente. Por conseguinte, a muller non puído ser feita na primeira produción das cousas antes do pecado (...) E por esta clase de suxeición está a muller naturalmente sometida ao home, porque no home o discernimento e a razón predominan. A imaxe de Deus atópase no home e non na muller, porque o home é o principio e o fin da muller, así como Deus é o fin de toda criatura”

Tomé de Aquino, *Suma Teolóxica*

“Un home e unha muller perfectos non deben parecerse na súa mente máis que no aspecto (...) A un correspóndelle ser activo e forte, á outra ser pasiva e feble. Unha vez aceptado este principio, despréndese en segundo lugar que a muller está feita para satisfacer ao home. Por este motivo a educación das mulleres debe estar totalmente dirixida ás súas relacións cos homes. Compracerlles, serlles útiles, gañarse o seu amor e a súa estima, adestralos na súa infancia, coidar deles cando son adultos (...) tales son as tarefas das mulleres en todas as épocas, e para levalas a cabo deben ser adestradas na súa infancia”

J. J. Rousseau, *Emilio*

“Pois o home e a muller entenden cada un por amor algo diferente (...) O que a muller entende por amor é ben evidente: a entrega (non só a rendición) incondicional de corpo e alma, sen ningunha consideración nin reservas (...) Esta ausencia de condicións fai precisamente do seu amor unha fe: a muller non ten outra. –O home, cando ama unha muller, quere dela xustamente este amor, isto quere dicir que a premisa do amor feminino lle é totalmente allea; pero no suposto de que haxa tamén homes aos que o anhelo de completa rendición non lles sexa totalmente alleo, nese caso estes non serán precisamente homes. Un home que ama como unha muller convértese así en escravo; en cambio, a muller que ama como unha muller convértese así nunha muller máis perfecta”

F. Nietzsche, *A Gaia Ciencia*